

LA POINTE COURTE

[Agnès Varda, 1955
Francia, 86 min., VOSE]

Lingua **Francés**

Dirección e guión **Agnès Varda**

Fotografía **Paul Soullignac, Louis Stein (B&W)**

Montaxe **Alain Resnais**

Música **Pierre Barbaud**

Elenco **Silvia Monfort, Philippe Noiret**

Produción **Ciné Tamaris**

Distribución **Avalon Films**

Logo de catro anos de relación, unha parella está a piques de separarse. Na aldea natal do home, unha vila de pescadores chamada La Pointe Courte, reviven sentimentos e inqedanzas. A historia desta parella en crise convive no filme co retrato documental da vida cotiá do barrio, onde a pesca e o marisqueo teñen que lidar coa industria, a contaminación ou os estritos controis das autoridades.

A primeira longametraxe de Agnès Varda, montada por Alain Resnais e (auto)producida en réxime de cooperativa, é un filme libre e cheo de autenticidade —nacido cando aínda a *nouvelle vague* era algo non imaxinado— que contén pegadas de Rossellini.

MARZO

Martes 11 **CRÓNICA DUN AMOR EFÉMERO**
(Emmanuel Mouret, 2022,
Francia, 100 min., VOSE)

Martes 18 **A LUZ QUE IMAXINAMOS**
(Payal Kapadia, 2024,
India, 118 min., VOSE)

Martes 25 **LA MARSELLESA
DE LOS BORRACHOS**
(Pablo Gil Rituerto, 2024,
España, 96 min., VOSE)

Luns 24 **CURTAS AGNÈS VARDA
DU CÔTE DE LA CÔTE**
(Francia, 1958, 25 min., VOSE)
ONCLE YANCO
(Francia, 1967, 18 min., VOSE)
ULYSSE
(Francia, 1983, 22 min., VOSE)

Organiza:



cineclubepontevedra.blogspot.com.es



[cineclubepontevedra](#)




[CineclubPo](#)

Coa colaboración de:



FILMOTECA
DE GALICIA



LA POINTE COURTE

AGNÈS VARDA

CINECLUBE PONTEVEDRA

LA POINTE COURTE: A DESCUBERTA DE AGNÈS VARDA

Para Agnès Varda (Ixelles, Bélxica, 1928 - París, Francia, 2019), o cine responde á fascinación, e á vez frustración, que lle producía o silencio da fotografía. Pioneira da *nouvelle vague*, movemento que xorde en Francia a mediados do século XX en torno á revista *Cahiers du Cinéma* e o cine «de autor», que antepoñía a liberdade creadora ás esixencias comerciais, Varda foi xunta Marguerite Duras practicamente a única muller do grupo e é considerada unha icona do cine feminista.

La Pointe Courte (1954) é a súa primeira longametraxe. O seu nome fai referencia a Sète, unha pequena cidade da costa sueste de Francia. Varda, que daquela era unha moza de 26 anos, apóiase na fotografía como medio para adentrarse na linguaxe cinematográfica. De feito, a rodaxe do filme está precedida da súa primeira exposición fotográfica, mostrada apenas un mes antes en París. *La Pointe Courte*, ao natural, é en ambos os casos o escenario escollido e os protagonistas son os seus propios habitantes, familias de pescadores, mariscadores e outras persoas relacionadas co mar.

Refuxiada durante a II Guerra Mundial, Varda coñecía perfectamente a cidade, xa que residiu alí parte da súa adolescencia, acollida pola familia Schlegel algúns anos antes de instalarse en París para estudar Filosofía e Historia da Arte. O retorno a Sète será a partir de aquí unha constante todos os veráns ata principios dos 60. Nas súas visitas, reencóntrase cos Schlegel e vaga pola cidade tomando fotos coa súa Rolleiflex, immortalizando a praia, os barcos, os pescadores, o porto...

En 1954, *La Pointe Courte* é un barrio precario e afastado da cidade, situado entre a estación de tren de Sète e o estanque de Thau. Os seus habitantes practican unha economía de resistencia, utilizando ferramentas e embarcacións tradicionais, á marxe da tecnoloxía ou as novidades técnicas da época. Agnès Varda vese atraída polo encanto desta paisaxe fría e solitaria e prepárase para pasar da foto ao cine: autodidacta na realización, funda a produtora cooperativa Ciné-Tamaris e reúne un pequeno equipo de técnicos e profesionais, entre os que destaca Louis Stein como director de foto. Mínimo orzamento mais máxima independencia: *La Pointe Courte* ródasho con enorme liberdade.

En amberesrevista.com. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.

DESPOIS E MESMO ANTES. DIÁLOGOS CON AGNÈS VARDA

Hai un misterio en *La Pointe Courte* que non cheguei a elucidar: que puido levarme a pensar en facer un filme? Non sabía o que era o cinema, para comezar, porque non ía. En realidade, coido que afrontei *La Pointe Courte* tal e como se

escribe unha primeira novela, sen case preocuparme por saber se se vai publicar ou non. Lía moito nesa época e pódese ver unha especie de filiación literaria: o filme inspirárase directamente n'*As palmeiras salvaxes*, de Faulkner. Non no que ten que ver coas anécdotas, senón no plano da construción: a alternancia entre a historia da parella e a crecida do Mississippi. Non era nin alegórico nin simbólico, mais hai unha sensación que se desprende na lectura a partir destas dúas historias. Gustábame moito esa impresión de suspensión, bastante irritante na lectura e extraordinaria despois. Entón, é o lector quen debe ter a capacidade para reorganizar as sensacións. *La Pointe Courte* é un ensaio de filme por facer. Está feito a partir da mestura de dúas crónicas —a dunha parella logo de catro anos de matrimonio e a dunha aldea de pescadores—. Nunca se mesturaban os dous temas, mais o espectador podía opoñer ou superpoñer. Era a época en que se comezaba a falar en Francia do «distanciamento», de Brecht... Aínda non lera as teorías sobre este tema, mais apaixonábame a posibilidade de xogar coa non identificación do espectador co personaxe dun filme.

Un día, Anna Sarraute presentoume a dous simpáticos mozos que traballaban no cinema e que fixeran unha curtametraxe: Carlos Vilardebo e a súa muller, Jane. Conteilles a miña idea de facer un filme, explíqueilles o tema. Nunca vira unha cámara. Carlos díxome: «Cómpre que alguén a apoie, alguén coñecido que se poida encargar das cuestións materiais». Benevolmente, propúxose para facelo, coa súa muller como *script*. Formouse axiña un equipo e constituíuse unha pequena cooperativa. Resnais, que montou o filme e formaba parte da cooperativa, díxome: «Hai que ensinárllela ás dúas persoas que en París sintan o cinema mellor que ninguén, André Bazin e Pierre Braunberger». Organizamos unha proxección para eles. Braunberger atopouna interesante, o seu nariz está listo para uliscar todo o novo: estaba contento. Mais foi Bazin quen conseguiu recoñecemento para *La Pointe Courte*. Díxome que había que mostrar o filme en Cannes e seguí os seus consellos. Fun a Cannes, deixei as bobinas na consigna da estación, quedei con Bazin no Palais e propúxome unha listaxe de xente a quen convidar. Chegou o día, había moitísima xente. Tiven bos artigos, especialmente os de Bazin e Do-niol, que dicían cousas realmente interesantes e mesmo falaban dun novo cinema.

Lembro que, na montaxe, Resnais adoitaba dicir: «Mira iso, lémbreme a *La terra tremas*», ou ben, «hai un plano que lembra a *Cronaca dun amore*». Finalmente pensei que debía ir ver aquilo do que me falaba e comecei a ir ao cinema, á Cinéma-thèque, a ver os filmes que se estreaban, a mercar revistas. Realmente descubrín o cinema a partir dos 26 anos... montando o meu filme. Decateime de que quería ser cineasta.

En festivalcine Sevilla.eu. Tradución ao galego: Cineclub Pontevedra.